



NORMATIVA E BASES DOS PREMIOS DE COMUNICACIONES O CONGRESO ANUAL DA SOCIEDADE, BOLSAS DE ESTANCIAS FORMATIVAS, BECAS DE INSCRIPCIÓN A CONGRESOS E BOLSAS DE INVESTIGACIÓN DA SOCIEDADE GALEGA DE XERONTOLOXÍA E XERIATRÍA (SGXX).

A Xunta Directiva da SGXX, de acordo cos Estatutos e actividades previas da Sociedade, e para maior información e obxectividade, aprobou as Normas e contías das Becas, Axudas e Premios Anuais que a continuación se refiren.

A. Beca ou Bolsa de Estadías Formativas en Centros. Beca Dr. D. Alberto Bugidos Benavides.

1. Contía. Destínanse ó concepto de Bolsa de Becas de Formación a cantidade máxima de 3.000 euros cada ano.
2. Obxectivos. A Sociedade convoca axudas económicas para realizar Estadías formativas en Hospitais, Institucións, Centros Sociosanitarios Xerontolóxicos acreditados, incluíndose áreas especializadas en directa relación coa atención as persoas Maiores (Investigación básica ou aplicada, Rehabilitación, Psicoxeriatría, Servizos Sociais, Xestión, etc). O programa de formación que opte a una beca de formación terá que estar debidamente acreditado.
3. Requisitos. O/a Solicitante terá que ser membro da SGXX, con unha antigüidade mínima de dous anos dende a aprobación pola Asemblea, e ter pagas as cotas que corresponden.
4. Condicións. Desfrutar da beca dentro do ano da solicitude ou no primeiro trimestre do seguinte. A Duración mínima da estadía de alomenos un mes ou catro semanas.
5. Solicitude. A solicitude farase mediante a presentación dunha Memoria de Formación. A Memoria da Solicitude incluirá:
 - a. Xustificación e Actividades a realizar.
 - b. Curriculum Vitae resumido.
6. Autorización do Centro de estadía. Será imprescindible presentala acreditación de autorización previa do Centro onde se realizará a estadía.
7. Lugar e Prazo de presentación: As solicitudes das Becas deben presentarse na Secretaría Administrativa da SGXX antes do 1 de Maio do ano. A Xunta Directiva poderá solicitar documentación ou os Informes complementarios que estime precisos. A resolución da convocatoria darase a coñecer publicamente, a proposta da Xunta Directiva.
8. Forma de Pago. O importe será abonado en dous prazos, o primeiro no intre da concesión da Beca e o restante cando se reciba a memoria de Formación que se ten que presentar ao remate da actividade correspondente. De non ser presentada a Memoria o non se realizase a estadía, o/a Becario/a terá que reintegrar a cuantía adiantada no prazo máximo de 15 días mediante transferencia bancaria na conta corrente da Sociedade.



Becas, Bolsas e premios da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria

Colexio Oficial de Médicos de Santiago de Compostela

Rúa San Pedro de Mezonzo, 39

15701 Santiago de Compostela (A Coruña)

9. Informe de estadía. No prazo máximo de dous meses trala finalización da estadía o/a Bolseiro/a deberá remitir a Secretaría da SGXX o Informe da Estadía, detallando sobre das actividades mantidas. A non presentación do dito Informe excluírá a entrega da cantidade correspondente e condicionará a adxudicación de futuras Bolsas e Premios da SGXX, e implicará a devolución de calquera contía económica adiantada.
10. A Bolsa poderá quedar deserta, si así o estima a Xunta Directiva da Sociedade, e a solicitude desta Beca implica a aceptación das bases da mesma.

B. Becas de Inscripción ó Congreso Anual da SGXX.

1. Contía. Destínanse para Becas de Inscripción ó Congreso da SGXX, a celebrar anualmente, a cantidade máxima de 1.950 euros. Este importe distribuirase en un máximo de 15 Becas de Inscripción no Congreso anual, e poderán incluír o Aloxamento para o Congreso anual da Sociedade
2. Requisitos. Poderán solicitar a Beca os/as Socios/as cun ano de antigüidade na Sociedade contados a partires da aprobación pola Asemblea da Sociedade e o prazo de peche das Solicitudes de Beca de Inscripción no Congreso.
3. Prazo. O prazo de solicitude das Becas de Inscripción rematará cando se estableza cada ano, en función das datas de celebración do Congreso.
4. Criterios. Caso de haber mais solicitudes que Becas, terán preferencia aqueles/as que presenten Comunicacions Científicas ó Congreso Anual e non foran Bolseiros/as noutros anos, contando os 5 anteriores. Se fose preciso solicitarase copia da Declaración da Renda para mais diferenciar.
5. Solicitudes. Para optar a ditas bolsas, os/as Socios/as interesados/as deberán solicitalo por escrito perante a Secretaría Administrativa da SGXX, e enviar con anterioridade á data establecida a través da páxina web, a instancia de solicitude na que consten os seguintes datos: Nome e dous apelidos, enderezo, teléfono de contacto e dirección e-mail, xunto cos datos profesionais e laborais, e xuntar a Copia do último recibo de pago da cota de socio/a.
6. Concesión. A concesión das Becas serán outorgadas pola Comisión Permanente da Xunta Directiva da Sociedade. O listado de concesións será publico, e poderá ser publicado na páxina web da Sociedade.



Becas, Bolsas e premios da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría

Colexio Oficial de Médicos de Santiago de Compostela

Rúa San Pedro de Mezonzo, 39

15701 Santiago de Compostela (A Coruña)

C. Premios as Melloras Comunicacóns Oraís e en Poster/Vídeo do Congreso Anual da SGXX. Premio Dr. D. Fernando Jiménez Herrero.

No Congreso da SGXX premiarase a participación dos/as Socios/as nas Sesións de Comunicacóns cos Traballos de investigación ou experiencias profesionais orixinais para o que se propoñen 3 premios, de 1600 Euros en total, para as Comunicacóns presentadas nas Salas Oral-Social, Oral-Clínica ou mixta Oral-Experiencias validadas, correspondendo un Premio de 600 euros para a mellor Comunicacón presentada na Area Oral-Social, un Premio para a mellor Comunicacón presentada na Area Oral-Clínica; e un Premio de 400 euros para as presentadas en Poster/Vídeo, como segue:

- 1 Premio de 600€ para a mellor comunicacón oral Clínica. **Premio Dr. D. Fernando Jiménez Herrero a mellor Comunicacón Oral Clínica do Congreso anual da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría.**
- 1 Premio de 600€ para a mellor comunicacón Social
- 1 Premio de 400€ para o mellor póster/vídeo

Todos os premios estarán sometidos ás retencións tributarias legalmente establecidas.

Será requisito imprescindible para recibir o premio que algún dos/as Autores/as da Comunicacón acuda o acto-cerimonia de entrega dos mesmos no acto de Clausura do Congreso para recoller o Premio. A non concorrencia a dito acto entenderase como a tácita renuncia ao mesmo.

O Xurado de Premios é designado pola Comisión Permanente da Xunta Directiva da SGXX, e as súas decisións serán fundadas e inapelables. A presentación das candidaturas ó premio implica a aceptación das presentes Normas, e a Sociedade resérvase o dereito de Publicación das Comunicacóns.

O Xurado poderá conceder un accésit para cada un dos Premios, sen dereito a compensación económica. Tamén poderán quedar os premios desertos ao criterio do Xurado.

Nas Comunicacóns premiadas ponderárase a Orixinalidade, o aporte a ciencia, aplicabilidade, a presentación e os resultados.

D. Bolsas de Investigación

Destínanse a Bolsas de Investigación a cantidade máxima de 3.000 euros. Non haberá un número determinado de Bolsas, senón que se repartirán entre aqueles Proxectos de Investigación presentados que a Comisión Permanente da Xunta Directiva considere de suficiente calidade. O prazo de presentación de Proxectos é ata o 1 de maio de cada ano.



Bases da convocatoria de Bolsas de investigación:

1. **Requisitos.** O/a solicitante deberá ser membro da Sociedade cunha antigüidade mínima de dous anos dende a aprobación pola Asemblea de Socios/as, e ter pagas as cotas que correspondan.
2. **Obxectivos.** As ditas Bolsas concederanse para a realización de traballos de investigación inéditos, relacionados directamente coa Xerontoloxía e a Xeriatria.
3. **Condicións.** O/a investigador/a principal deberá acreditar experiencia no tema a investigar ou na liña de investigación proposta.
4. **Memoria.** O/A Autor/a debe enviar 3 copias completas xunto co orixinal da Memoria de Investigación. A Xunta Directiva poderá solicitar os datos ou informes complementarios que considere precisos para mellor resolver. A Memoria deberá elaborarse da seguinte maneira:
 - 4.1. **Páxina do Título:** deberá conter os apartados de a) O Título; b) Apelidos e Nome do/a solicitante; c) Titulación académica máis alta e relación de membros do equipo investigador; d) Nome do Centro, Departamento/s ou Institución/es os que se adscribirá/n o traballo.e) Nome e Apelidos e Titulación do resto do Equipo de Investigación, no seu caso.
 - 4.2. **Introdución:** Xustificará o interese do tema e o estado actual da cuestión.
 - 4.3. **Obxectivos/Preguntas de investigación:** Deberán estar enunciados con claridade e concreción. Deben ser realistas (realizables no prazo que se propón e cos medios dos que se dispón) e avaliábles mediante instrumentos de medición validados.
 - 4.4. **A Metodoloxía incluirá:** a) Número e criterios seguidos a hora de seleccionar os suxeitos, observacionais ou experimentais; b) Idade, sexo e outras características importantes; c) Instrumentos de avaliación e metodoloxía de análise; d) Dificultades previsibles para a execución do estudo e como pensa superalas; e) Relación detallada de gastos aos que se destina a axuda solicitada; f) Cronograma: Calendario de execución das fases do estudio.
5. **Memoria Final.** Unha vez rematado o período de investigación, en un prazo máximo de dous meses, O/a Bolseiro/a deberá enviar unha **Memoria final** de resultados do traballo realizado. A non presentación de dita memoria excluírá a entrega da cantidade correspondente, obrigará ó Socio/a a reintegrar a cantidade do 50% adiantada e condicionará a adxudicación de futuras bolsas da SGXX.



Becas, Bolsas e premios da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria

Colexio Oficial de Médicos de Santiago de Compostela

Rúa San Pedro de Mezonzo, 39

15701 Santiago de Compostela (A Coruña)

6. Dereitos de Publicación. A SGXX resérvase o dereito da publicación ou difusión dos traballos que reciban axudas económicas da mesma, a aceptación da Beca implica a cesión dos dereitos que correspondan o autor, que terá que ser citado en tódalas publicacións que se realicen. Así mesmo, o/a autor/a poderá difundir o seu traballo por calquera medio, sendo obrigado a mención expresa á SGXX, e a autorización previa da Sociedade.
7. Lugar e prazo de presentación. As solicitudes das Bolsas deben presentarse na Secretaría Administrativa da SGXX antes do 1 de maio de cada ano. A Resolución darase a coñecer no Congreso anual da SGXX.
8. Forma de pago. O importe será abonado en 2 prazos, o primeiro no intre da concesión da Bolsa e o restante coa presentación da Memoria final.

As Becas, Bolsas e Premios están sometidos ás retencións tributarias legalmente establecidas.

Os/as persoas membros da Xunta Directiva da Sociedade ou dos Comités Científico ou Organizador do Congreso anual non poderán optar a Becas, Bolsas ou Premios da Sociedade, incluso non figurando como primeiros/as autores/as.

Xunta Directiva da SGXX. Ano 2016